

**Informe 9/2012, de 20 de xuño de 2012, sobre o alcance do ámbito subxectivo de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aplicable a unha fundación privada de interese galego con participación minoritaria de entidades públicas.**

## **ANTECEDENTES**

Pola Consellería de Economía e Industria dirixiuse a esta Xunta Consultiva de Contratación Administrativa o seguinte escrito de consulta:

Con data 12 de decembro de 2007 constitúese a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (en diante, GRADIANT) como fundación privada de interese galego e apróbanse os seus estatutos. Na constitución da Fundación participan como entidades fundadoras a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, as tres universidades galegas (Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña) e once empresas do sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) de Galicia, coas porcentaxes que a continuación se detallan:

- Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. 36,20%
- Universidade de Vigo: 4,56%
- Universidade de Santiago de Compostela: 4,56%
- Universidade da Coruña: 4,56%
- Fundación R: 4,56%
- Egatel S.L.: 4,56%
- Sistemas Integrados de Servicios de Telecontrol S.L. : 4,56%
- Televés S.A. : 4,56%
- Tredess 2010 S.L. : 4,56%
- Arantia 2010 S.L. : 4,56%
- Arteixo Telecom S.A.: 4,56%
- Tele 2 Telecommunication Services S.L. (Vodafone): 4,56%
- Indra Sistemas S.A.: 4,56%
- Telefónica España S.A. : 4,56%
- Ineo, Asociación multisectorial de novas tecnoloxías da información e da comunicación:4,56%

Mediante Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 3 de abril de 2008 (DOGA de 14 de abril) GRADIANT foi clasificada como fundación de interese tecnolóxico e adscrita á Consellería de Innovación e Industria que exerce o Protectorado sobre a mesma. Ademais, por Orde de Consellería de Innovación e Industria de data 22 de maio de 2008 (DOGA nº 111, de 10 de xuño de 2008) foi declarada de interese galego, figurando inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2008/7

A participación da administración autonómica na Fundación Gradiant determinou a análise da inclusión no ámbito subxectivo de a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, derogada polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante, TRLCSP).

Entre os entes que forman parte do Sector Público o apartado f) do artigo 3 do TRLCSP inclúe ás fundacións que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, de entidades integradas no sector público, ou co patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por cento por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades e, o apartado b) do mesmo artigo a calquera entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia, que sexan creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos pertencentes ao sector público financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión, ou nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

En primeiro lugar, para analizar se a Fundación constituíuse cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, de entidades integradas no sector público é necesario acudir á escritura de constitución. Pois ben, segundo a escritura fundacional subscrita con data 12 de decembro de 2007, a suma das achegas da Xunta de Galicia (36,20%), Universidade de Vigo (5,56%), Universidade de Santiago de Compostela (5,56%), e Universidade da Coruña (5,56%), alcanza o 49,88% do capital fundacional. Esta suma non sería suficiente para determinar a integración de Gradiant no sector público.

No entanto, o apartado 1b) do artigo 3 do TRLCSP inclúe, de forma máis xenérica no sector público a aquelas entidades con personalidade xurídica propia, que sexan creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos pertencentes ao sector público financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión, ou nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

A concorrencia dos requisitos establecidos neste apartado no momento da súa constitución determinou a inclusión no ámbito subxectivo de aplicación da LCSP. En consecuencia, con data 23 de xuño de 2009, o Padroado aprobou as Instrucións internas para os procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada (art. 175 LCSP) e incluíu na páxina web da entidade o perfil do contratante co contido establecido na referida lexislación vixente.

Nos últimos anos producíronse importantes modificacións no financiamento da Fundación Gradient que determinaron o incumprimento dos requisitos para a súa inclusión no ámbito do Sector Público. En concreto, as contas do ano 2010 e 2011 reflicten un financiamento maioritario procedente do sector privado.

Ademais, en decembro de 2010, tramitouse una modificación dos estatutos de Gradient coa finalidade de conseguir a súa inscrición no Rexistro de Centros de Innovación Tecnolóxica do Ministerio de Economía e Competitividade, regulado por Real Decreto 20902/2008, de 19 de decembro, que esixía, entre outros requisitos-, que a maioría dos membros con dereito a voto no órgano de goberno correspondan a empresas ou asociación empresariais.

Esta reforma, aprobada por Acordo do Padroado de data 22 de decembro de 2010 e inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego, reduciu considerablemente a participación das entidades integrantes no sector público no órgano de goberno e acredita, de forma manifesta, que nos existe un control maioritario do sector público.

En concreto, tras as referidas modificacións, o Padroado de Gradient ten a seguinte composición:

- D. .... Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia (Presidente)
- D. ...., representante da Consellería de Economía e Industria.
- D. ...., representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. ...., representante da Universidade de Vigo.
- D. ...., representante da Universidade da Coruña.
- D. ...., representante de Televés.
- D. ...., representante de Arteixo Telecom S.A.
- D. ...., representante da Fundación R.
- D. ...., representante de Ineo.
- D. ...., representante de Indra Sistemas S.A.
- D. ...., representante de Egatel S.L.
- D. ...., representante de Vodafone.
- D. ...., representante de Telefónica España S.A.

As circunstancias expostas acreditan que a Fundación Gradient non pode ser incluída no ámbito do Sector Público e, en consecuencia a súa actividade contractual non está suxeita ás obrigacións establecidas no TRLCSP.

En calquera caso, atendendo á participación da Administración Autonómica e as tres universidades de Galicia dentro do seu Padroado, entendemos conveniente un pronunciamento respecto deste asunto por parte da Xunta Consultiva de Contratación como órgano consultivo específico en materia de contratación administrativa da comunidade autónoma.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Segundo o disposto no artigo 2.1 do Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa correspóndelle a este órgano consultivo emitir, con carácter facultativo, informe sobre aquelas cuestións que, en materia de contratación administrativa, sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 1, entre as que se atopan as entidades do sector público autonómico.

2.- A consulta da Consellería de Economía e Industria versa sobre a determinación do grado de sometemento ao réxime xurídico da normativa de contratación pública dunha fundación -constituída como fundación privada de interese galego e na que participan en proporción minoritaria entidades do sector público (49,88%)-, unha vez que, modificados os Estatutos en decembro de 2010, reduciu a participación destas entidades do sector público nos órganos de goberno e, consecuentemente sobre o control sobre a xestión da fundación.

3.- Tras varias condenas do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea pola incorrecta trasposición das Directivas comunitarias de contratación <sup>(1)</sup>, a **Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público** (en adiante LCSP) modificou totalmente o ámbito subxectivo da normativa contractual quedando este determinado no seu artigo 3 mediante tres apartados cun esquema que, nos dous primeiros casos, segue -segundo apunta a Exposición de motivos- á Lei Xeral Orzamentaria e no terceiro ao Dereito comunitario europeo:

- apartado 1: concreta unha extensa relación de entes, organismos e entidades do sector público;
- apartado 2: concreta que entidades teñen a consideración de Administracións públicas
- apartado 3: relaciona as entidades que teñen a consideración de poderes adxudicadores (apartado 3).

Do análise deste artigo, como ben é sabido, se deducen tres categorías de entidades:

- Os poderes adxudicadores que teñen a consideración de Administracións públicas (artigo 3.2)
- Os poderes adxudicadores que non teñen a consideración de administracións públicas (artigo 3.3)
- E a categoría residual dos restantes entes do sector público aos que se fai referencia no apartado 1 do artigo e que non entran dentro das dúas categorías anteriores.

Segundo a categoría onde estes ubicada a entidade terase que aplicar a lei con diferentes niveis de intensidade e segundo os seus rexímenes contractuais e, polo tanto, o primeiro que ten que determinar unha entidade en orde a concretar o seu sometemento á normativa contractual é se forma ou non parte do sector público.

4.- Neste senso, en relación coas fundacións, dispónse no artigo 3.1 letra f) do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, (en adiante TRLCSP), que aos efectos desta Lei, se considera que forman parte do sector público *“as fundacións que se constitúan cunha aportación maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público ou cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos aportados ou cedidos por polas referidas entidades”*. Basta con que concorran un só destes requisitos para que, a efectos desta lei, a fundación sexa considerada como parte do sector público.

O TRLCSP partiu da definición de fundacións do sector público contida no artigo 44 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións. Non obstante, o concepto de fundación de sector público é distinto no ámbito autonómico xa que o artigo 113 da lei galega 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFAXGA) -que derroga expresamente os artigos 58 a 63 da Lei de fundacións de interese galego dedicados á regulación das fundacións do sector público en Galicia-, considera fundacións do sector público autonómico aquelas nas que concorran algunha das dúas circunstancias referidas no artigo 3.1.f) do TRLCSP engadindo unha máis: *aquelas cuxos ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección*.

Tendo en conta o carácter básico do precepto do TRLCSP aos efectos contractuais, cabería pensar que este apartado final da lei autonómica non ten virtualidade algunha na inclusión dunha fundación no sector público pero isto non é así xa que, o apartado 1 do artigo 3 do TRLCSP contén unha cláusula residual (h) que inclúe no sector público calquera ente, organismo ou entidade *con personalidade xurídica propia creado especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos pertencentes ao sector público financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen a mais da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia*. De ahí que as fundacións nas que só se dea o requisito de financiamento maioritario aludido pola lei galega formarán igualmente parte do sector público na normativa contractual, e así o indica a propia LOFAXGA cando, no artigo 113.2 sinala que a financiación que as fundacións reciban da Administración da Comunidade Autónoma ou das entidades integrantes do sector público, non determina por esta única circunstancia o carácter de fundación do sector público, **sen perxuízo da súa condición de poder adxudicador a efectos do réxime xurídico contractual**.

O que fai este apartado h) do artigo 3.1 do TRLCSP é recoller a definición de organismo de dereito público do artigo 1.9 da Directiva 2004/18/CE que incorpora unha definición funcional de poder adxudicador entendendo por tal ao Estado, aos entes públicos territoriais, os organismos de dereito público e as asociacións constituídas por un ou varios dos devanditos entes ou organismos de dereito público.

En concreto, respecto ao concepto de “organismo de dereito público” o artigo 1.9 da Directiva 2004/18/CE indica o seguinte:

*É considerado **organismo de Dereito público** calquera organismo:*

*-creado especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil,*

*-dotado de personalidade xurídica e*

*-cuxa actividade estea maioritariamente financiada polo Estado, os entes territoriais ou outros organismos de Dereito público, ou ben cuxa xestión estea sometida a un control por parte destes últimos, ou ben cuxo órgano de administración, de dirección ou de vixilancia estea composto por membros dos cales máis da metade sexan nomeados polo Estado, os entes territoriais ou outros organismos de Dereito público.*

5.- O concepto defínese funcionalmente con arranxo exclusivamente aos tres requisitos acumulativos e, en tal sentido, poden consultarse as Sentencias de 12 de decembro de 2002 Universale-Bau y otros, C-470/99, C-214/00 ou C 283/00, sen que o estatuto de dereito privado das entidades constituía un criterio que poida excluír por sí solo a súa cualificación como entidade adxudicadora no senso previsto na Directiva (sentencia de 15 de maio de 2003, Comisión/España, apartados 54,55 e 60).

6.- Visto o anterior e presuposto, pola súa normativa específica, que todas as fundacións teñen personalidade xurídica propia e son creadas para satisfacer necesidades de interese xeral, temos por tanto que unha fundación formará parte do sector público se concorren nela algunha das seguintes circunstancias:

- que sexan constituídas cunha aportación maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público;
- que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos aportados ou cedidos polas entidades públicas;
- que sexan financiadas maioritariamente por entidades do sector público;
- que a súa xestión sexa controlada por entidades do sector público; ou
- que estas entidades nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

7.- A xurisprudencia comunitaria utiliza tamén estes criterios á hora de analizar a aplicación da normativa contractual a un ente público ou privado, sendo o elemento decisivo o “control” que un poder adxudicador exerza sobre o organismo de referencia (designación dos seus membros, financiación dos contratos que está encargada de adxudicar,...) debendo considerarse comprendido no sector público aínda que formalmente non constituía unha parte integrante del. En conclusión, o elemento da participación no patrimonio da fundación ao que se fai referencia no apartado 1.f) non é tan decisivo como se pode interpretar dunha inicial lectura da norma xa que a experiencia práctica indica que con menos do 50% da participación pódese exercer o control dunha entidade e, coa aplicación do disposto na letra h) recondúcese o tema evitando a tan citada fuxida do dereito administrativo.

8.- Hai que considerar tamén que, segundo se dispón no artigo 3 b) do TRLCSP, a concorrencia de calquera das tres últimas cualidades relacionadas no apartado 6 deste informe converte a calquera entidade en poder adxudicador, o que lle da un carácter dinámico ao termo xa que as tres cualidades descritas (control financeiro, control de xestión e control de dirección) poden sufrir cambios o longo da súa existencia polas decisións adoptadas pola entidade, por exemplo, se se financian maioritariamente con recursos públicos nun determinado exercicio orzamentario aínda que a administración non ostente a maioría da dotación fundacional nin aparente dominio efectivo no seu padroado (neste senso STJCE de 3 de outubro do 2000 - asunto Universidade de Cambridge C-380/98 -, e de 23 de decembro de 2007 – asunto Bayerischer Rundfunk e outros-).

No análise desta xurisprudencia comunitaria aprécianse conclusións de interese respecto a dúas cuestións de relevancia, cales son qué fondos deben considerarse na expresión “maioritariamente financiada” por entidades adxudicadoras, e cal é o período

de referencia do cálculo efectuado para determinar se unha entidade é poder adxudicador e cómo deben terse en conta os cambios previsibles ou futuros.

Respecto a primeira das cuestións cabe indicar que non toda suma aboada por unha entidade adxudicadora ten por efecto crear ou reforzar unha relación específica de subordinación ou de dependencia senón que unicamente caberá cualificar de “financiación pública” aquelas prestacións que financien ou apoiem as actividades, neste caso da fundación, mediante axudas aboadas sen contraprestación específica quedando excluídas, por exemplo, as contraprestacións satisfeitas por prestacións contractuais.

Sobre o importe sobre o que se ha de calcular o porcentaxe determinante da aportación do sector público nunha fundación, indicar que para a súa correcta valoración é preciso ter en conta todos os ingresos que a entidade obteña, incluídos os que resulten dunha actividade mercantil, por residual que sexa.

A resposta á cuestión sobre qué cal é o período de referencia do cálculo efectuado para determinar se unha entidade é poder adxudicador e cómo deben terse en conta os cambios previsibles ou futuros na citada Sentencia de 3 de outubro do 2000 - asunto Universidade de Cambridge C-380/98- indícase o seguinte:

- A cualificación como “entidade adxudicadora” dun organismo debe efectuarse sobre unha base anual e o período que debe considerarse máis adecuado para calcular o modo de financiamento de devandito organismo é o exercicio presupuestario en que se inicia o procedemento de adxudicación dun contrato determinado. En tales circunstancias, os imperativos da seguridade xurídica e da transparencia esixen que tanto a entidade de que se trate como os terceiros interesados saiban, desde o inicio do exercicio presupuestario, si os contratos previstos para devandito exercicio están incluídos no ámbito de aplicación das Directivas. Diso dedúcese que, a efectos de ser cualificada como entidade adxudicadora, o cálculo do seu modo de financiamento debe efectuarse tomando como base as cifras dispoñibles ao comezo do exercicio presupuestario, aínda que teñan o carácter de previsións.

- Ante as modificacións das condicións de financiamento existentes na data de comezo do procedemento de adxudicación

do contrato que poidan producirse ao longo do mencionado procedemento, en referencia ao declarado no TXCE no apartado 34 da sentenza Mannesmann Anlagenbau Austria e outros, o principio de seguridade xurídica esixe que unha norma comunitaria sexa clara e a súa aplicación previsible para todos aqueles que resulten afectados. Tanto desta esixencia como dos imperativos relacionados coa protección dos intereses dos licitadores resulta que un organismo que na data en que se inicia un procedemento de adxudicación dun contrato constitúe unha entidade adxudicadora, seguirá estando sometido ás esixencias das Directivas, no que incumbe a tal contrato, ata a terminación do procedemento de que se trate.

## CONCLUSION

**1º.- Considerando que, pola súa normativa específica, todas as fundacións teñen personalidade xurídica propia e son creadas para satisfacer necesidades de interese xeral, con independencia do concepto de fundación do sector público que se recolle no artigo 3.1.f) do TRLCSP e por aplicación da letra h) do mesmo artigo unha fundación privada formará parte do sector público e terá a consideración de poder adxudicador se concorren nela algunha das seguintes circunstancias:**

- que sexan constituídas cunha aportación maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público;
- que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos aportados ou cedidos polas entidades públicas;
- que sexan financiadas maioritariamente por entidades do sector público;
- que a súa xestión sexa controlada por entidades do sector público; ou
- que estas entidades nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

**2º.- Dado que as variacións nas fontes de financiamento ou decisións adoptadas sobre a titularidade do control da xestión ou sobre a dirección da entidade poden facer cambiar ao longo da traxectoria da entidade o seu sometemento á normativa contractual pública, o carácter dinámico da definición de poder adxudicador, combinado co principio de seguridade xurídica, esixe que se analice en cada caso se concorren algunha das condicións analizadas ao comezo do exercicio presupuestario.**

**En Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2012**

#### **NOTAS:**

<sup>(1)</sup> **Artigo 67 da Lei 62/2003, de 30 de decembro. Modificación da Lei de Contratos das Administracións Públicas.**

Dáse nova redacción aos seguintes preceptos do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Un. Modifícase o apartado 1 do artigo 2 da Lei de Contratos das Administracións Públicas que queda coa seguinte redacción:

*1. As entidades de dereito público non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior e as sociedades de dereito privado creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que, ademais, concorra algún dos requisitos contidos no parágrafo b) do apartado 3 do artigo anterior quedarán suxeitas ás prescricións desta Lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación para os contratos de obras, subministrados, consultaría e asistencia e servizos de contía igual ou superior, con exclusión do IVE, a 6.242.028 euros (equivalente a 5.000.000 dereitos especiais de xiro), se se tratase de contratos de obras, ou a 249.681 euros (equivalentes a 200.000 dereitos especiais de xiro), se se tratase de calquera outro contrato dos mencionados.*

(Os requisitos aos que se refire esta disposición son a satisfacción dun interese xeral que non teña carácter industrial ou mercantil, a financiación pública maioritaria e o control público da súa xestión)

Dous. Dáse nova redacción á Disposición Adicional Sexta da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

Disposición Adicional Sexta. Principios de contratación no sector público.

*As sociedades a que se refire o apartado 1 do artigo 2, para os contratos non comprendidos no mesmo, axustarán a súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrencia, salvo que a natureza da operación a realizar sexa incompatible con estes principios.*

**Real Decreto-Lei 5/2005, de 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública,**

O artigo 2.1 do Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas incorporaba as fundacións do sector público ao ámbito obxectivo da lei quedando redactado como segue:

*“As entidades de dereito público non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior, as sociedades mercantís a que se refiren os parágrafos c) e d) do apartado 1 do artigo 166 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e outras sociedades mercantís equivalentes das demais Administracións Públicas creadas para satisfacer especificamente necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil e as fundacións do sector público, sempre que, ademais, concorra algún dos requisitos contidos no parágrafo b) do apartado 3 do artigo anterior, quedarán suxeitas ás prescricións desta lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación, para os contratos de obras, de subministro, de consultaría e asistencia e de servizos de contía igual ou superior, con exclusión do IVE, a 5.923.000 euros, si se trátase de contratos de obras, ou a 236.000 euros, si se trátase de calquera outro contrato dos mencionados.”*

(Os requisitos aos que se refire esta disposición son a satisfacción dun interese xeral que non teña carácter industrial ou mercantil, a financiación pública maioritaria e o control público da súa xestión)

Respecto aos contratos non comprendidos nese precepto, a Disposición Adicional Sexta, titulada “Principios de contratación no sector público” indicaba que *“as sociedades mercantís e as fundacións do sector público a que se refire o apartado 1 do artigo 2, para os contratos non comprendidos nel, así como as restantes sociedades mercantís en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das Administracións públicas ou dos seus organismos autónomos ou entidades de dereito público, axustaranse na súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrencia, salvo que a natureza da operación a realizar sexa incompatible con estes principios”*.

**Disposición Final Cuarta da Lei 42/2006, de 28 de decembro. Modificación do Texto refundido de la Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.**

Con efectos de 1 de xaneiro de 2007 e vixencia indefinida modifícase o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o apartado 1 do artigo 2 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que queda redactado do seguinte modo:

Artigo 2. Adxudicación de determinados contratos de dereito privado.

*1. As entidades de dereito público ou de dereito privado con personalidade xurídica propia non comprendidas no ámbito definido no artigo anterior quedarán suxeitas ás prescricións desta lei relativas á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación, cando celebren contratos de obras de contía igual ou superior a 5.278.000 euros, excluído o IVE, e contratos de subministro, de consultaría e asistencia e de servizos de contía igual ou superior a 211.000 euros, con exclusión, igualmente, do referido imposto, sempre que tales entidades fosen creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil e concorra nelas algún dos requisitos referidos no parágrafo b) do apartado 3 do artigo anterior.*



(Os requisitos aos que se refire esta disposición son a satisfacción dun interese xeral que non teña carácter industrial ou mercantil, a financiación pública maioritaria e o control público da súa xestión)

O resto do apartado e artigo mantense coa mesma redacción.

Catro. Modifícase a Disposición Adicional Sexta do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que queda redactada do seguinte modo: Disposición Adicional Sexta. Principios de contratación no sector público.

*As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, dunha Administración Pública, ou dun Organismo autónomo ou Entidade de dereito público dependente dela ou vinculada á mesma, sexa superior ao 50 %, así como as fundacións que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha destas entidades, ou cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 % por bens ou dereitos aportados ou cedidos polas mesmas, axustaranse na súa actividade contractual, cando non estean sometidas ás previsións do artigo 2.1, aos principios de publicidade e concorrencia, salvo que a natureza da operación a realizar sexa incompatible con estes principios.*